



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 16/01/2017 14:09:13

ENTRADA 5300 / RX 105868



deración do ensino de
ccoo de galicia

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Verísimo F. Pazos Pereira, con DNI 35313483L en representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia, con domicilio a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1º andar de Santiago de Compostela e telefono 690676002

EXPÓN que

PRIMEIRO - O goberno do estado vén de acordar coas Comunidades Autónomas a supresión da taxa de reposición nas ofertas de emprego público en sanidade, educación e servizos sociais nunha xuntanza previa á conferencia de presidentes que se celebrará o vindeiro 17 de xaneiro

SEGUNDO - Nos últimos anos por mor das políticas de axuste levadas a cabo polos gobernos estatais e autonómico, a taxa de interinidade, en Galicia, pasou a cifras que superan o 13%, coa conseguinte transformación de emprego de carácter estrutural en emprego temporal.

TERCEIRO - As últimas sentenzas do TXUE sobre o emprego temporal van na liña de declarar non axustadas á lei que as prazas de carácter estrutural se cubran con carácter de temporalidade mais aló do que establece o EBEP.

CUARTO - Desde esta organización entendemos que a solución pasaría por unha OPE ampla que non se limitara á reposición das xubilacións producidas ata o 31 de decembro. O acordo acadado coas comunidades autónomas permite unha OPE sen restrición algunha de taxa. Demandamos que na vindeira OPE se oferten todas as prazas de carácter estrutural, transformando así o emprego temporal en fixo, tal como aconsellan e ditaminan as últimas sentenzas do TXUE.

polo que **SOLICITA**

que admitindo a trámite este escrito, se convoque unha xuntanza urgente da Mesa Sectorial Docente Non Universitaria para poder valorar a situación actual na nosa comunidade e negociar unha OPE na que se oferten todos os postos estruturais existentes que permitan a redución da temporalidade no emprego.


Asdo. Verísimo F. Pazos Pereira
Representante da Federación de Ensino de CCOO de Galicia

A/A PRESIDENTE DA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1º Andar
15707 SANTIAGO
Telf. 981 551 820
Fax. 981 551 801
ensino@galicia.ccoo.es
www.ccooensino.gal

Afiliada á Internacional da Educación (IE) e ao Comité Sindical Europeo da Educación (CSEE)